



## **CONCELLO DE POIO**

Ref: MC (Secretaría)

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS CINCUENTA E UNHA REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA VINTE E NOVE DE MARZO DE DOUS MIL ONCE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e nove de marzo de dous mil once, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coa asistencia dos Concelleiros D. Xulio Barreiro Lubián, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Luz Senra Lorenzo, D. Xose L. Martínez Blanco, D<sup>a</sup>. Silvia Díaz Iglesias, D. Francisco Piñeiro Murillo, D<sup>a</sup>. Margarita Caldas Moreira, D<sup>a</sup>. Consuelo Besada Lores, D. Gregorio L. Agís Gómez, D<sup>a</sup>. Rosa Fernández González, D. Javier Domínguez Lino, D<sup>a</sup>. Celeste Nieto García D. Alberto Villaverde Méndez, D. Angel Moldes Martínez, D<sup>a</sup>. Irene Ligeró Iglesias, D. Miguel A. Martínez Nacemento e D. Manuel Domínguez Álvarez; actuando como Secretario o do Concello D. Jacobo Barreiro Pimentel asiste como interventora D<sup>a</sup>. Olga Fernández Rodríguez. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión extraordinaria correspondente ó día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3508.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO FILLO ADOPTIVO DE POIO DE LEOPOLDO NOVOA GARCÍA.- Polo Sr. Secretario presente na sesión dáse conta do expediente tramitado ao abeiro do disposto no artigo 9 do Regulamento da Medalla do Municipio, Honores e Distincións deste Concello para o nomeamento de Leopoldo Novoa García como Fillo Adoptivo de Poio.

A devandita proposta foi sometida á consideración da Comisión Informativa de Cultura, Deporte e Educación do Concello de Poio na súa sesión extraordinaria do día 14 de marzo de 2011, emitíndose o seguinte ditame: “ O Presidente cede a palabra a Concelleira de Cultura, Silvia Díaz , que presenta á comisión de cultura, a suxestión da Sociedade Cultural Deportiva Raxó, a proposta de nomeamento de Leopoldo Nóvoa García como fillo adoptivo de Poio. Pintor e escultor nado en Salcedo (Pontevedra), non sendo natural de Poio, residiu na súa infancia en Raxó e frecuentemente pasou longas tempadas en Samieira.

Propoñemos o seu nomeamento como fillo adoptivo de Poio por ser un dos artistas galegos máis destacados, de renome e proxección internacional, que sempre expresou o seu vencello co noso municipio co noso municipio e en concreto coa parroquia de Raxó, afirmando mesmo que “Raxó é a miña patria no sentido rilkeano” (Segundo Rainer Maria von Rilke, a patria do artista é a súa infancia).

Por todo o anteriormente exposto, o Concello de Poio quere distinguir a LEOPOLDO NOVOA GARCÍA como fillo adoptivo de Poio, en recoñecemento a unha traxectoria artística meritoria e recoñecida alén das nosas fronteiras e como agradecemento polo vínculo afectivo que sempre ten amosado polo noso municipio. (adxúntase biografía de Leopoldo Nóvoa). Leopoldo Nóvoa García nace en Salcedo (Pontevedra) en 1919. Trasládase coa súa familia a Raxó. Fillo de diplomático, aos sete anos realiza a súa primeira viaxe a América, onde comeza a debuxar, pintar e modelar. Regresa a Galiza en 1929, influíndo nos movementos artísticos dos anos da República. A Guerra Civil sorpréndeo ao inicio do seu ingreso na Facultade de Dereito de Santiago de Compostela e en 1938 a súa familia é exiliada, trasladándose de novo a América,

para residir en Uruguai, onde comeza os seus estudos de Dereito e Arquitectura. En Montevideo funda a revista APEX na que colaboraron entre outros, Torres García, Onetti e Juana de Ibarburu, o que terá un papel moi importante na súa formación intelectual.

En 1947 trasládase a Bos Aires. Comeza a pintar en 1950, realizando a súa primeira exposición individual en 1953, na Galería Velázquez, grazas á axuda prestada por Luís Seoane. A esta seguíronlle outras mostras en Montevideo, onde comezou o seu mural do Estadio del Cerro (1962- 1965). Colabora na revista “Galicia Emigrante” ata que en 1957 regresa a Montevideo, onde traballa en diversas actividades relacionadas co periodismo. Instalado en Uruguai, viaxa constantemente por todo o continente americano, participando activamente na vida artística e cultural.

Ao ano seguinte viaxa por primeira vez a París, onde se establecerá finalmente en 1965. Traballará intensamente, conectando co ambiente intelectual latinoamericano da capital.

Comeza a expoñer en diferentes cidades europeas. En 1966 participa na mostra colectiva "Artistas latinoamericanos de París" no Museo de Arte Contemporánea. Neses anos viaxa a Galiza, pasando frecuentes tempadas na Bouza, en Samieira.

En 1979 un incendio destrúe o obradoiro onde traballaba en París, perdendo gran parte do seu traballo así como unha importante colección persoal de obras de outros artistas. En 1983 constrúe a súa casa-obradoiro en Armenteira (Pontevedra), onde pasa longas tempadas. En 1988 realizou unha gran escultura para o Parque Olímpico de Seúl, á que lle seguiu a súa magnífica actuación no Parque de Sta. Margarida de A Coruña co seu "Mural da Canteira". Dende 1953, as súas exposicións sucédense en Bos Aires, Nova York, Punta del Este, Montevideo, Dublín, Madrid, Italia, Bélxica, París, Lima, Bogotá, Quito e Vigo e outras cidades de Galiza.

Participou en exposicións colectivas en todo o mundo, sempre como nome destacado dunha tendencia informalista, absolutamente conceptual, de peculiaridade total, na que hai un afán de identidade entre espazo e tempo. A súa obra caracterízase pola abstracción e pola procura da relación entre a materia, a recreación do espazo, e a luz.

Está representado en institucións e Museos de Arte contemporáneo de todo o mundo. Na súa faceta de escultor todos os materiais –ferro, bronce, pedra, chatarra- son válidos para a expresión dunha mente lúcida, de artista pleno, creador de mundos propios. Nóvoa realizou grandes murais, algúns deles de dimensións excepcionais, e ten un gran número de obras integradas en arquitectura.

A súa pintura mostra unha vocación tridimensional. A carreira de Nóvoa é razonante, reflexiva, de lenta evolución ata a súa última tendencia, definible como “escultopintura”, se ben Nóvoa é fundamentalmente un artista plástico e un pintor que crea mundos propios, de beleza fascinadora e inqueda.

Leopoldo Nóvoa é un dos pintores galegos de maior relevancia e proxección internacional, e aínda así, expresa un fondo vencello con Poio, lugar onde viviu na súa infancia e onde pasaría longas tempadas, involucrándose na vida cultural do noso municipio, e participando nas reivindicacións sociais do noso pobo (colaborou coa veciñanza de Raxó elaborando as pancartas da campaña contra a instalación dunha cetárea n'A Granxa no inicio da década dos 70).

O aprecio mutuo de Leopoldo Nóvoa e o Concello de Poio ilústrase co nomeamento dunha rúa en Raxó como “Rúa Pintor Leopoldo Nóvoa García” o 25 de setembro de 2001, por unanimidade do pleno da Corporación Municipal, así como coa xenerosa e desinteresada doazón de Leopoldo Nóvoa para o Centro Cultural Xaime Illa Couto de dúas xoias bibliográficas (a primeira edición do Quixote na nosa lingua ilustrada por Seoane e unha edición de coleccionista do Sempre en Galiza de Castelao) con motivo da inauguración deste centro en agosto de 2010.

#### OBRA PÚBLICA MÁIS RELEVANTE:

- Mural do Cerro en Montevideo. Mural de 600 metros cadrados do Estadio del Club Atlético Cerro (1962-1964).
- Mural das termas de Arapey, en Uruguai.
- Escultura para o Parque Olímpico de Seúl(1988)
- Mural da Canteira do parque de Santa Margarida, n'A Coruña.
- Espazo Crómlech para San Domingos de Bonaval (Esculturas en granito de máis de dez toneladas)
- O 17 de xullo de 1997, inaugurouse a exposición "Leopoldo Nóvoa", no Museo Nacional de Artes Visuais do Ministerio de Educación e Cultura de Uruguai, organizada polo Centro Galego de Arte Contemporánea, cos auspicios da Embaixada de España en Uruguai e o patrocinio de CAIXAVIGO, que contou coa presenza do Presidente de la Xunta naqueles anos, Manuel Fraga Iribarne.

Leopoldo Nóvoa García recibiu numerosas distincións ao longo da súa carreira artística, entre as que salientamos:

- Medalla Castelao en 1993.
- Medalla de Ouro Mostra Unión Fenosa en 1995.
- Premio Cidade de Pontevedra en 1997.

O pintor sigue traballando aos seus 93 anos no seu obradoiro de Armenteira, no Salnés.

#### Bibliografía :

- Sobrino Manzanares, M<sup>a</sup> Luisa: Catálogo del Patrimonio artístico de la Diputación de A Coruña. A Coruña, Diputación de A Coruña, 1991.
- Seoane, Xavier: Nóvoa. A Coruña, Concello, 1989. Colección Arte Galega. A Coruña, Xunta de Galicia, 1989.
  - Logroño, Miguel: Nóvoa. Vigo, Editorial Galaxia, 1977.
  - VV. AA.: Un siglo de pintura gallega 1880/1980. Buenos Aires, Museo Nacional de Bellas Artes, 1984.
- VV. AA.: Novoa. Exposición antolóxica. Vigo, Caixa de Aforros Municipal de Vigo, 1985.
- Pablos Francisco: Plástica gallega. Vigo, Caixa de Aforros Municipal de Vigo, 1981.
- Vanguardas e silencios. Compostela, Xunta de Galicia, 1978.

O Presidente somete a votación a proposta de nomeamento de Leopoldo Nóvoa García como fillo adoptivo de Poio, aprobándose a mesma co resultado de dúas (2) abstencións do PP, e 6 votos a favor do BNG (4) + 2 (PSOE).”

A continuación toma a palabra a Sra. Díaz Iglesias manifestando que como suxeición da Sociedade Cultural Deportiva Raxó, tramítase este expediente porque coincidimos nas opinións e consideramos que a traxectoria artística de Leopoldo Novoa está altamente recoñecida, e aínda que esta figura non naceu en Poio pasou moitas épocas en Raxó e Samieira e xa no ano 2001 mediante acordo de Pleno pola Corporación acordouse a denominación dunha rúa co seu nome, creo que sobran motivos para este recoñecemento.

O Grupo Municipal do PSOE, a través do Sr. Agís Gómez mostra a súa conformidade coa proposta, a que está perfectamente motivada coa traxectoria do autor e manifesta o voto a favor dos membros do seu grupo.

A continuación, toma a palabra o Sr. Domínguez Lino dicindo que no ano 2001 votaron a favor do nomeamento da denominación da rúa do lugar de Raxó e que non dubidan da traxectoria de Leopoldo Novoa pero non ven que sexan méritos suficientes para ser nomeado

fillo adoptivo por iso votan en contra da proposta de nomeamento.

O Sr. Alcalde, Luciano Sobral, lamenta o voto en contra do PP, xa que se trata dun recoñecemento cara unha figura meritoria, tanto pola súa labor artística como persoal.

A continuación sométese a votación a proposta emitida pola Comisión Informativa de Cultura, Deporte e Educación a que queda aprobada por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Nomear fillo adoptivo do Concello de Poio a D. Leopoldo Novoa García en recoñecemento da súa traxectoria artística meritoria e recoñecida alén das nosas fronteiras e como agradecemento ao vínculo afectivo que sempre ten amosado polo Concello de Poio.

#### MOCIÓN S URXENTES, ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓN S.

#### ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓN S.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte horas e trinta e cinco minutos, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretario xeral, dou fe.

Publicase, no taboleiro de anuncios deste Concello, o contido dos acordos adoptados nesta sesión, de conformidade co disposto no art. 229 do ROF e RXEL, para xeral coñecemento de tódolos interesados nos respectivos acordos, ós efectos de que poidan interpoñer, directamente e no prazo de dous meses, desde a publicación, contando a partir da exposición ao público no taboleiro de anuncios, o recurso Contencioso-Administrativo, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto no art. 58 da Lei Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, en relación cos artigos 109 c) e Disposición Derrogatoria 2 c), da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; podendo interpor, pola súa conta, calquera outro recurso, que estime conveniente, entre eles o recurso de revisión ante o Concello, por erro de feito que resulte dos propios documentos incorporados ao expediente, de conformidade co artigo 118, da Lei 30/92; todo isto de conformidade co disposto no art. 58 da Lei Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, en relación co art. 211 do ROF e RXEL.; podendo os interesados interpor calquera outro recurso que estimen conveniente.

Poio, 6 de abril de 2011  
O secretario xeral

Jacobo Barreiro Pimentel